

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A FINALIZACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA TRANSFORMADORA STR 66/20 KV PARA A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA AO POLÍGONO INDUSTRIAL A MEDELA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria, Nicolás Vázquez Iglesias, DECLARA:

Que esta consellería formalizou co Concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura o día 16.11.2024 ata o 31.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Valga para a finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR 66/20 kV para a subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela, o que permitirá o desenvolvemento futuro de actividades económicas e industriais na dita zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía e Industria ten, entre as súas competencias, a promoción e dinamización da economía, o impulso da política económica e industrial, o apoio xeral ao sector empresarial fomentando a mellora da competitividade das empresas, así como a promoción e o fomento do crecemento e consolidación das empresas.

O Concello de Valga ten, entre os seus obxectivos, o fomento da actividade económica industrial no seu termo municipal, como factor clave para a creación de riqueza e emprego na zona. Entre as actuacións prioritarias, necesarias para acadar este obxectivo, atópase a finalización da obra de construción dunha nova subestación eléctrica transformadora STR 66/20 kV para a



subministración eléctrica ao polígono industrial A Medela, para dotar a un ámbito urbanístico de desenrolo e desenvolvemento industrial das condicións que permitan a súa operatividade e, polo tanto, a radicación de novas empresas ou preexistentes no termo municipal co impacto que isto pode ter ou pode supor para o crecemento económico do municipio, do conxunto da Comunidade Autónoma e do Estado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético
Complexo administrativo de S. Lázaro - Edificio IGAPE, 3ª planta
15707 Santiago de Compostela
T. 981 545 571

